

Encontro con Jüri Talvet en Compostela

Arturo Casas

Durante a primeira quincena do mes de maio do ano 2001, estrañamente fría e chuvieñta, o Prof. Jüri Talvet impartiu na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela o curso de doutoramento “Poética e poesía entre o Romanticismo e a Posmodernidade”, integrado no programa de *Teoría da literatura e Literatura comparada*. Pronunciou tamén un par de conferencias, nos campus lucense e compostelán da mesma institución.

O Prof. Talvet ocupa dende 1992 a cátedra de Literatura comparada na Universidade de Tartu, onde tamén é responsábel da sección de Hispanística. Dirixe a revista *Interlitteraria* e preside a Asociación Estonia de Literatura comparada dende a súa fundación. No último Congreso da Asociación Internacional de Literatura comparada, celebrado en Pretoria no verán do ano 2000, foi nomeado membro do Consello Executivo da organización. Traduciu ao estonio numerosos textos clásicos e contemporáneos das literaturas española, latinoamericana e catalana. Ademais das publicacións de carácter académico ás que se fai referencia no corpo da entrevista, conta con varios libros de ensaio e de poemas.

A estancia de Jüri Talvet en Compostela permitiu a un equipo de profesores da Facultade de Filoloxía –integrado por Manuel Barbeito, Manuela Palacios e Arturo Casas– culminar os labores de tradución dunha antoloxía da poesía estonia contemporánea¹, que axiña irá ao prelo.

¹ Será publicada proximamente en edición trilingüe estonio-galego-inglés polo. As versións inglesas corresponden ao propio Jüri Talvet e ao profesor e poeta norteamericano Harvey L. Hix. Sobre a literatura e a cultura estonia é posíbel consultar a páxina web do Instituto Estonio (<http://www.einst.ee>), onde ten acollida o *Estonian Literary Magazine* (<http://www.einst.ee/literary/index.html>), que leva publicadas doce entregas ata o momento presente.

Contextos

Arturo Casas: Profesor Talvet, a República de Estonia celebrará no vindeiro mes de agosto o décimo aniversario da recuperación da súa independencia. Durante un breve período que seguiu á Revolución Soviética, entre 1918 e 1940, o seu país accedera xa á independencia, perdida logo polas consecuencias do pacto Hitler-Stalin de 1939 e as da II Guerra Mundial. Parece ineludíbel o establecemento dunha comparación entre estes dous momentos de liberdade nacional, tanto en termos sociopolíticos coma culturais. ¿Quere vostede someter a esquema algunhas claves para esa comparación?

Jüri Talvet: Non hai dúbida sobre o feito de que nos dous casos a independencia de Estonia (e a dos outros dous estados bálticos, Letonia e Lituania) foi posíbel mercé ao derrubamento dun Imperio. En 1918 fora o imperio ruso-zarista e en 1991 foi o imperio ruso-soviético. Naturalmente, en ambas ocasións existía en Estonia un poderoso movemento nacional de carácter independentista, pero este non tería abondado se o Imperio pasase pola súa etapa hexemónica de apoxeo. Só a feliz coincidencia dos dous factores –o interno e o externo– explica o estado en que nos atopamos agora. Aínda que ata mediados dos 80 nin sequer soubemos soñar coa nova independencia, de tan utópica e inalcanzábel que semellaba.

Por suposto, hai inmensas diferencias entre as condicións nas que abrochou a independencia nun e noutro momento históricos. Por exemplo, no relativo ás circunstancias económicas. A Rusia zarista contémplase decote como unha rexión economicamente atrasada de Europa, pero o seu modelo capitalista foi continuado con certo aproveitamento positivo, sen interrupcións nin grandes convulsións, pola primeira República Estonia. Mesmo con certo orgullo nostálxico, adóitase lembrar entre nós que o nivel económico da Estonia daquel tempo avantaxaba o da Finlandia coeva. No caso actual, como é ben sabido, hai unha diferenza abismal entre os dous países veciños neste sentido. A verdade é, sen embargo, que non temos que idealizar a Primeira República. É un feito sabido que a poboación, en termos medios, vivía con bastante modestia na Estonia de entreguerras. O que agora complica –sobre todo, psicoloxicamente– a adaptación a un xeito modesto e abnegado de existencia é que a xente da inmediata vecindade –en Finlandia ou en Suecia–, facendo o mesmo esforzo ca nós e sen grandes diferencias na cualificación profesional, cobra soldos catro, cinco ou incluso dez veces superiores aos nosos. De por parte, nesta transición dolorosa da pobreza socialista ao mercantilismo capitalista xurdiron

diferencias abismais entre as diversas capas sociais. A penas un 10% dos estonios poden considerarse ricos ou acomodados, mentres que case a metade da poboación vive no límite da pobreza elemental.

Con todo, é un feito que nos dous períodos de independencia houbo un florecemento cultural sen precedentes.

A.C.: ¿Cal é o balance do decenio dos 90 no ámbito da creación literaria e que vieiros novos foron abrindo os escritores estonios nestes anos?

J.T.: Coido que faría falta máis distancia temporal para xulgarmos correctamente estas cuestións. Sobre todo nun país pequeno como Estonia, onde a crítica a miúdo se concentra en grupos pequenos arredor dunhas poucas publicacións, pode doadamente acontecer que se sobrevalore algún que outro autor ou obra. Ou, por contra, que outros se silencien e oculten sen motivo. No meu criterio, no eido da ficción só un autor novo destacou de modo máis ou menos definitivo nesta primeira década da nova independencia. É Tõnu Õnnepalu (nado en 1962), que usando o pseudónimo Emil Tode publicou en 1993 a súa primeira novela, *Piiririik*. Con ela gañou o Premio da Asemblea Báltica. Logo foi traducida a numerosas linguas, incluído o español². Na poesía, teño máis dúbidas para destacar un talento parecido, se ben admito que a poeta Triin Soomets (nada en 1969), a máis nova dos autores que incorporamos á nosa escolma galega da poesía estonia, si posúe gran sensibilidade. O panorama da literatura estonia entre 1991 e 2001 aínda permanece fortemente dominado polos escritores que se deron a coñecer durante as derradeiras décadas soviéticas. Algúns deles, como por exemplo a poeta Mari Vallisoo (nada en 1950) parecen ter alcanzado precisamente agora a súa máxima madurez creadora. Así, neste ano 2001, Vallisoo obtivo por segunda vez o prestixioso Premio Juhan Liiv de poesía. No marco do drama, estreouse con notábel éxito unha serie de obras de Madis Kõiv (nado en 1929). Semella que o ambiente posmoderno, coas súas ilimitadas liberdades, favoreceu a recepción desta obra fragmentada na que se mestura o cotián e o filosófico, para valorar criticamente o noso pasado soviético.

A.C.: Fixo antes un apuntamento sobre a crítica. ¿Que importancia acadou neste tempo e que funcións principais asumiu?

² Co título de *Estado fronterizo* (Barcelona: Tusquets, 1998). A traducción é de R. Lias e A. Lázaro Tínavt.

J.T.: Ás veces teño a impresión de que a nosa crítica chegou a dominar sobre a literatura. Ao igual que na crítica española das últimas décadas, apareceu moita xente nova capaz de aplicar con notábel habelencia o aparato da moderna ciencia literaria. Pero non creo que entre nós abonden críticos dotados de sensibilidade e de bo gusto. Tamén é un feito que nun país como a Estonia actual case non hai críticos que se arrisquen a vivir do oficio. Os que están nas universidades teñen outras tarefas (investigación, ensino...), de xeito que os que exercen a crítica non académica son xente que traballa nas revistas ou nos periódicos ou, máis esporadicamente, os propios escritores.

Relacións interliterarias e interculturais

A.C.: *Dende unha perspectiva cultural vostede mesmo ten escrito que a especificidade do seu país non se entende se non é como manifestación do que poderíamos denominar a súa condición fronteiriza. A produción literaria estonia dialogou historicamente sobre todo coas culturas xermánica, escandinava e rusa. Xa nun nivel menor destacan os referentes letón e lituano. A influencia do pensamento filosófico e literario alemán foi forte desde o século XVIII. ¿En que medida mudou a situación nos últimos tempos?*

182

J.T.: En efecto, a nosa cultura absorbeu influencias de todos e cada un dos países e nacións que nos dominaron historicamente, ademais da proveniente dos finlandeses, os nosos tradicionais e fraternos veciños, falando en termos étnicos. Como cultura e nación, desenvolvímonos no ambiente báltico-alemán (pois, mesmo baixo o réxime zarista, os que na práctica mandaban sobre o pobo campesiño autóctono eran os poderosos terratenentes báltico-alemáns). Despois houbo unha grande apertura intelectual durante a I República, pero eses vinte anos escasos foron curtos de máis como para establecermos contactos coas culturas europeas máis afastadas de nós. É o caso das pirenaicas: observe que as primeiras traducións directas de obras españolas non se realizaron antes de mediados dos anos 30. A Primeira Parte do *Quixote* traducíuse integramente só en 1939-1940. Supoño que o pobo estonio da I República non estaba “preparado” para a recepción do discurso filosófico occidental, malia a existencia dalgúns tentativas tamén nese sentido. Durante o case medio século da época soviética o campo filosófico foi o máis censurado e vixiado de todos. Prohibíronse as traducións da filosofía occidental moderna. Cando en 1972 apareceu en estonio *Le Mythe de Sisyphe*, de Albert Camus, vivímoloo como un milagre excepcional. Tivo unha gran repercusión na nosa

intelectualidade e foi lido por todos os sectores despertos da sociedade. Nesta liña, o alto número de traducións de obras filosóficas occidentais na Estonia novamente independente marcou –aplicando a terminoloxía lotmaniana– unha *explosión* e un *salto* auténticos. Sen dúbida. Quero subliñar, sen embargo, que tal *salto* fora preparado paulatinamente pola actividade intelectual mantida, non sempre de xeito visíbel nin público, nos corenta anos de dominación soviética.

A.C.: O peso da tradición oral estonia foi moi importante na etapa romántica, con peculiaridades que aos galegos nos resultarían familiares en relación co noso Rexurdimento. ¿Como marcou esa nota de oralidade a produción literaria posterior e con que clase de matices en función dos xéneros, a procedencia social dos autores, as particularidades rexionais ou outros parámetros?

J.T.: A partir da segunda metade do século XIX fíxose en Estonia un traballo enorme (e abondo meticuloso) de recompilación, reprodución e arquivo da riquísima tradición da creación oral do pobo. Contamos con grandes coleccións e edicións da poesía tradicional, que reflicten unha gama amplísima de matices no tratamento dos temas e motivos comúns segundo as diferentes rexións de procedencia dentro do país. Do mesmo xeito, colecciónáronse, para sistematizalos posteriormente con metodoloxía científica, numerosos contos, lendas e refráns tradicionais. Todo este tesouro consérvase na actualidade en manuscritos custodiados polo Museo da Literatura Estonia, radicado en Tartu. A máxima expresión da continuidade desta tradición folclórica son os festivais de canto. As súas orixes están na cultura alemana do século XIX, cando se celebrou a primeira Festa da Canción en Estonia (1869). Non embargantes, mentres que en Alemaña tal tradición está extinguida desde hai ben tempo, en Estonia as Festas da Canción celebráronse case sen interrupción durante máis dun século. Estes eventos culminan na Festa Xeral da Canción, convocada unha vez cada catro anos: na altura correspondente congéganse en Tallinn, a capital do país, cantantes vellos e mozos de todas as rexións de Estonia, vestindo para a ocasión traxes tradicionais que locen mentres cantan xuntos nunha enorme praza, baixo un teito acústico especialmente adaptado. Para nós é unha auténtica festa nacional, que adoita presentarse como un espectáculo cheo de colorido, que emociona os nacionais e causa admiración nos turistas e visitantes estranxeiros.

Malia todo, a influencia desta tradición oral na literatura culta case que desapareceu xa a partir de comezos do século XX. Friedrich Reinhold

Kreutzwald, o autor da nosa epopea nacional (*Kalevipoeg*, de 1861), aínda usaba esa métrica tradicional, común para os pobos finougrios. Entendo que a traducción estonia (1939) da *Kalevala* finlandesa figura entre as mellores versións estranxeiras da magna obra de Elias Lönnrot, xa que o traductor, o sabio August Annist, apoiándose na semellanza das dúas linguas e tradicións, seguiu a métrica orixinal e soubo transmitir toda a riqueza léxica e fónica da epopea. Na poesía estonia de rexistro culto, emporiso, dominou cedo o sistema silábico-acentual, que é o propio da poesía alemana, entre outras. Isto aconteceu, en especial, logo da renovación de Martin Opitz, a principios do século XVII. Os primeiros poemas cultos en estonio foron escritos por pastores luteranos báltico-alemáns, que aprenderan a lingua autóctona, o *maakeel* –a “lingua do país”–, como adoitaban chamar ao seu propio idioma os estonios ata o “Espertar Nacional” da segunda metade do século XIX. E é que en estonio *maa* significa asemade “campo”, “país” e “terra”, mentres que *keel* é “lingua”. Atópanse as entoacións lixeiras propias da poética tradicional na poesía de Juhan Liiv (1864-1913), un dos nosos maiores poetas líricos. Pero en xeral non permaneceu moito desa influencia. De entre os poetas seleccionados para a nosa antoloxía en galego, Hando Runnel, Paul-Eerik Rummo, Ene Mihkelson e Mari Vallisoo recorreron ocasionalmente aos ritmos antigos, sen que estes deixasen unha pegada estábel na súa obra. Con todo, algúns poetas de hoxe tratan de reactualizar a poesía dialectal, sobre todo na lingua do sur de Estonia. Esta clase de poesía soe ter máis semellanza coa creación oral tradicional. Teño entendido que Mari Vallisoo vai publicar axiña un poemario escrito no dialecto de Kodavere, a súa terra natal, na beira do lago Peipus, polo que transcorre a fronteira entre Estonia e Rusia.

A.C.: Profesor, a pertenza da lingua estonia ao tronco ugrofinés ¿supuxo algún tipo de privilexio nas relacións interliterarias historicamente desenvolvidas nese amplo marco lingüístico-cultural?

J.T.: As relacións coa cultura e a literatura finlandesas foron intensas e extensas ao longo da historia, mentres que os lazos cos demais pobos de raíz ugrofinesa (ou finougria) foron máis ben simbólicos. Os estonios non podemos entender nada do húngaro, por exemplo; nin tampouco das linguas finougrias que se falan en varias rexións do territorio da Federación Rusa. Por suposto, as semellanzas lingüísticas destas linguas son un feito comprobado. A Universidade de Tartu encóntrase entre os principais centros dedicados a esa clase de investigacións. Tamén se constata unha solidariedade especial entre

todos estes pobos. Manifestátese, por exemplo, en eventos científicos como o Congreso Finougrio, que se celebra por quendas nos países de falas finougrias. O pasado verán tivo lugar en Tártu, con máis de quíñentos participantes chegados de todo o mundo. Un dos últimos congresos finougrios organizouse en Sõktõvkar, capital da República Autónoma de Komi. A Universidade de Tártu conta con estudantes que, superando ás veces bastantes dificultades, proceden das repúblicas autónomas de Mordovia, Mari e Komi, así como de Udmurtia, pertencentes todas á Federación Rusa. Veñen xustamente para estudar e investigar as súas propias linguas autóctonas, minorizadas nos seus países de orixe pola hexemonía do ruso. Así e todo, entre os estudantes estranxeiros que agora estudian na Universidade de Tártu os finlandeses son os máis numerosos, xa que a proximidade dos dous idiomas favorece un acceso bastante doado ao proceso de estudio, vehiculado sobre todo en lingua estonia.

A.C.: Precisamente, querría centrarme agora nas relacións bilaterais fino-estonias. Estudiando o Estonian Literary Magazine puiden observar que, cando menos no período 1990-2000 e contabilizada tamén a produción destinada ao público infantil-xuvenil, a porcentaxe máis elevada de traducións da literatura estonia correspondeu ao finlandés (39 títulos), seguido do alemán (32) e o ruso (28). Xa a certa distancia están o inglés (22), o letón (18), o sueco (14) e o francés (12). Estas proporcións semellan altamente informativas, ¿non si? A este respecto, interesárame saber ademais se existe unha efectiva difusión e distribución de libros estonios nas principais cidades de Finlandia e de libros finlandeses nas correspondentes cidades estonias, e así mesmo qué proporción de lectores son capaces de ler –e o fan– na outra lingua.

J.T.: Observou moi ben que esta estatística, entre outras cousas, reflicte con bastante elocuencia a intensidade do diálogo e dos intercambios culturais e literarios entre Estonia e Finlandia. Temos varias institucións culturais (como o Instituto Finlandés en Estonia e a delegación do Instituto Estonio en Finlandia) que fomentan eses intercambios. Non hai que esquecer o feito de que tamén os finlandeses, no seu Norte, malia o benestar económico, sofren certa soidade e illamento. Nisto pouco os consolan os suecos, os seus veciños xermánicos, e tamén os seus amos ata 1809. Dende que recuperamos a independencia, os turistas finlandeses ateigan literalmente Tallinn, que fica a só 80 km de Helsinki. O número de finlandeses que anualmente visitan Estonia, alcanza case o millón de almas. Moitos deles deron aprendido o estonio, e tamén hai bastantes estonios, sobre todo en Tallinn, que saben falar e entenden o finés (pense que durante os últimos decenios soviéticos víase en Estonia

a televisión finlandesa). Pero a semellanza entre o galego e o español é, sen dúbida, máis grande que a existente entre o estonio e o finés. Así que para leren a literatura do país veciño, os estonios e os finlandeses teñen que aprender a eito a outra lingua. Eu, por exemplo, lamento moito nunca ter contado con ocasión nin tempo abondos que dedicar ao finlandés, para ser quen de lelo e de falalo. Co meu bo amigo e colega o profesor Timo Riiho, un gran lingüista finlandés, director do Departamento de Iberorromance da Universidade de Helsinki e coñecedor tamén do galego, falo adoito en español, mentres que con outros colegas finlandeses, de áreas máis literarias, emprego o inglés. Quero dicir con isto que fará falta seguir coas traducións mutuas.

En relación coa última consideración da súa pregunta direille que a maior librería de Helsinki, e en realidade de toda Escandinavia –a Akademia–, ofrece unha selección de libros en estonio (e tamén en español, por certo). Pola outra parte, os libros finlandeses atópanse nas máis grandes librerías de Tallinn e Tartu.

A.C.: En Estonia hai neste momento unha minoría rusa que, se non estou equivocado, supera o 15% da poboación total do país e que tende a aumentar por motivos económicos. ¿En termos culturais que análise se pode facer deste fenómeno inmigratorio? E, doutra banda, ¿que tipo de contactos culturais e artísticos permanecen activos con Rusia trala independencia?

J.T.: Por desgracia, esa minoría rusofalante non é tan reducida como vostede supón, e alcanza en realidade un 35%, ou incluso máis, da poboación de Estonia, cun total de cen mil habitantes de cidadanía rusa (as nosas leis non contemplan a posibilidade da dobre cidadanía con Rusia). Digo *por desgracia*, porque sobre todo nos primeiros anos da nova independencia isto causou situacións sumamente conflictivas. Agora, por sorte, estas tensións diminuíron, en especial porque os rusos de Estonia entenden bastante ben que a súa situación no país é relativamente aceptábel se a comparan coa dos seus irmáns étnicos da propia Rusia. Ademais, como manifestan en entrevistas públicas, non se identifican xa cos rusos de Rusia: séntense diferentes. Unha gran parte das familias rusas quere integrarse plenamente na sociedade estonia e incluso favorece que os seus fillos acudan a garderías e escolas estonias.

Así e todo, culturalmente quedan bastante distanciadas ambas as comunidades, a unha da outra, a estonia e a rusofalante. Na literatura, en particular, a

distinción sobre o eixe da lingua foi decisiva. Ninguén incluíría na noción de *literatura estonia* aos escritores rusos de Estonia que escriben en ruso, aínda que os rusos que son membros da Unión de Escritores de Estonia (Mikhail Veller, por exemplo) entraron de xeito natural nos nosos dicionarios de literatura.

Os contactos con Rusia, loxicamente, afrouxaron logo da independencia. Os mozos estonios saben xa moito mellor o inglés que o ruso como primeira lingua estranxeira de comunicación (o ruso, de por parte, éelles bastante máis complicado de aprender). Mentres que antes, no eido da tradución, as obras da literatura rusa predominaban de maneira abafadora, agora conforman a penas un pequenísimo sector das obras vertidas ao estonio. Na actualidade predomina, en cambio, tamén ata o acoro, a literatura angloamericana. Sen embargo, na nosa universidade, cando menos deica hoxe, respectáronse os vínculos tradicionais coa cultura rusa. Seguimos a contar cun Departamento de Filoloxía eslava e coa cátedra de Literatura rusa, un dos núcleos este, á parte do Departamento de Semiótica, para conservarmos e reactualizarmos o herdo da obra semiótico-literaria de Iuri M. Lotman³.

A.C.: *¿Existe algún nexo especial coas culturas da Rusia septentrional, as do tronco lingüístico samoiedo?*

J.T.: Pola mesma razón do parentesco lingüístico –se ben este é menor que no caso das linguas finougrias– tales vínculos existen. Malia todo, a penas van alén dun mero interese académico. Contamos con algúns profesores especializados nestas linguas e culturas na Universidade de Tartu.

A.C.: *¿Pareceríalle axeitado falar da existencia dun intersistema cultural báltico? Na súa condición de especialista en Literatura comparada e tamén en canto hispanista, ¿contempla a posibilidade de establecer algún tipo de paralelismo cun posíbel intersistema cultural ibérico?*

J.T.: Entendo que a conceptualización dun intersistema cultural ibérico, malia as diferencias históricas entre os seus compoñentes, podería resultar incluso

³ A fin de evitar equívocos nada infrecuentes, aclararei que translitero *Iuri* a partir do alfabeto cirílico (Lotman era ruso, nado en 1922 na cidade que entre 1914 e 1924 se chamou Petrogrado). Manteño en cambio *Jüri*, nome estonio correlativo do anterior (e tamén de Xurxo, Giorgio ou Jorge), por canto a lingua estonia, igual ca nosa, fai uso do alfabeto latino.

máis factíbel que o establecemento dun intersistema báltico. Entre as culturas romances da Península existe un forte parentesco lingüístico que, sen dúbida, facilitaría moito a concepción intersistémica e as tarefas correlativas de análise. A única excepción é a cultura vasca, lingüisticamente *impenetrábel* para os investigadores do ámbito románico, aínda que, por suposto, o bilingüismo vasco-español podería axudar ata certo punto a superar ese afastamento. No caso das tres culturas bálticas, por desgracia, non existe tal salvavidas. Nós, os estonios, non entendemos nada do letón nin do lituano. E viceversa. O letón e o lituano si pertencen ao antigo grupo das linguas bálticas (que, a diferenza do estonio ou do finlandés son linguas indoeuropeas), pero a comunicación entre eles, de todos xeitos, é ben máis complicada que, por exemplo, a que se pode dar entre galego e catalán. A relativa pobreza económica na que nos vemos inmersos na actualidade, vén favorecendo, ademais, procesos de illamento. Neste momento son pouquísimas as traducións interbálticas de obras literarias; sen lugar a dúbidas, moito máis raras que na época soviética, cando as editoriais estaban subvencionadas polo Estado e tiñamos cotas ou porcentaxes preestablecidas nas traducións entre as linguas *irmás* que ficaban baixo administración soviética. Arestora, por exemplo, aínda que o estatuto do Premio da Asemblea Báltica prevé a tradución da obra premiada ás outras dúas linguas bálticas, en realidade non existen mecanismos abondos para garantir o cumprimento do proceso.

Naturalmente, non hai que descartar que o futuro traia melloras neste sentido. Con certo orgullo podo destacar que hai algúns anos se publicou en lituano o noso *Maailmakirjandus*, un manual de Literatura universal para o Bacharelato e a Universidade do que fun editor e autor principal. Tamén no terreo da Literatura comparada tratamos de avivar as relacións interbálticas. Como puido observar vostede mesmo hai dous anos, cando participou no noso III Simposio de Literatura comparada en Tartu, houbo ocasión de escoitarmos interesantes relatorios a cargo de varios participantes procedentes de Letonia e Lituania. Así mesmo, en xuño deste ano 2001 celebrábase, tamén en Tartu, o IV Congreso Internacional de Estudos Bálticos en Europa. Constitúe unha tradición iniciada no exilio, que agora está a trasladarse aos propios territorios bálticos. Abranguerá os campos da Historia, a Socioloxía, a Lingüística, o Folclore e a Literatura. Na sección de Literatura, da que me encargo, agardamos uns vinte relatorios de investigadores estonios, letones e lituanos, radicados tanto na zona báltica como noutros países do mundo.

Obxectos de investigación

A.C.: *No seu libro Hispaania vaim (1995) ["O espírito español"] compilou vostede unha serie de artigos referidos ás literaturas española e catalana. ¿Cales foron os seus obxectos fundamentais de estudio neses ámbitos?*

J.T.: A fase inicial das miñas investigacións na Literatura española desenvólvese arredor da literatura renacentista e barroca. Escribín a miña tese doutoral, que defendín en Leningrado no ano 1981, sobre o *Guzmán de Alfarache*, de Mateo Alemán, no contexto xeral da formación da novela realista europea. De modo que os capítulos de *Hispaania vaim* que posibelmente conserven certo valor académico son os concernentes a esa esfera. Algúns destes capítulos publicáranse con anterioridade tamén en español. Así, o meu ensaio sobre o punto de vista na novela picaresca española (un dos capítulos principais da miña tese) saíra xa en 1980 na revista *Universidad de La Habana*. Outro ensaio, este sobre Gracián, apareceu en *Documentos A*, da Editorial Anthropos, no ano 1993. Pero *Hispaania vaim* non é propiamente un libro de contidos unitarios. Recompila, por poñer un caso, o mangado dos meus limiares ás traducións estonias de obras españolas (e dunha catalana, a correspondente á poesía de Salvador Espriu), así que posúen máis ben un valor introductorio que estritamente investigador. Aliás, hai que ter en conta que en Estonia a penas existe un público especializado para este tipo de lecturas. Iso explica que nunha das recensións que saudaron a aparición do libro se destacase precisamente o meu panorama da obra filosófico-estética de Ortega y Gasset, que era en realidade un traballo publicado na nosa revista literaria central, *Looming*, recén licenciado eu, no ano 1974.

A.C.: *Entre os libros por vostede coordinados atópase un manual de Historia literaria universal ao que aludiamos hai un momento (Maailmakirjandus, en dous volumes, de 1995 e 1999). Constitúe unha modalidade que tras unha época de inconveniente desprestixio semella recuperar actualidade nos últimos quince anos en todo o mundo, ás veces baixo os auspicios de organismos supranacionais, como a Comisión Europea; outras, por vinculación directa coa órbita problematizadora do canon. ¿Que bases estableceron vostedes para a concepción xeral e a articulación interna do seu Maailmakirjandus?*

J.T.: Este *Maailmakirjandus* noso, con certeza, ten aínda os seus defectos e serias lagoas. Somos plenamente conscientes deles e trataremos de mellorar os

contidos en futuras edicións. A partir do material dos tres tomos que levamos publicado (I: Literatura da Antigüidade; II: Literatura universal desde a Idade Media ata a Ilustración; III: Literatura universal entre o Romanticismo e a Posmodernidade), destinados preferencialmente aos Bacharelatos e solicitados polo Ministerio de Educación, proxectamos levar ao prelo nun par de anos un volume íntegro de *Literatura Universal* para un público xeral. Un dos puntos de partida foi o de suprimirmos, ou polo menos reducirmos, o *principio nacional*, de xeito que tratamos de evitar que este volume sexa simplemente unha recompilación sumatoria das distintas Historias das literaturas nacionais do mundo. No canto diso, o libro céntrase no proceso estético-perceptual e xenérico da formación do que xeralmente entendemos como *literatura universal*. En dúas palabras, intentamos describir e explicar os fenómenos principais que ata agora se coñecen como tales, como *universais*, na literatura mundial. Se destaco o principio estético-xenérico, de ningún modo quero indicar que se evite a significación social ou incluso política da literatura, xa que esta se reflicte no contido perceptual e filosófico das obras que describimos.

190 A.C.: *Permítame, con todo, insistir na delicada cuestión dos (des)equilibrios entre as literaturas nacionais. Gustaríame saber cómo contemplaron vostede e os seus colaboradores os problemas da canonización/canonidade e os relativos á presenza das diversas literaturas nacionais no seu Maailmakirjandus, incluídas tamén as periféricas/minoritarias e as que coñecemos como minorizadas.*

J.T.: Entendo perfectamente que o fenómeno da literatura universal, tal como o asimilamos, está pragado de omisións e ignorancias inxustas, sobre todo a respecto das literaturas minoritarias. Non creo que poidamos emendar ou rectificar todo ese mar de inxustizas nun libro como o noso. Tampouco non podemos evitar que a nosa sexa unha historia *occidentocentrista*. A miña opinión é que ese estado de cousas se pode ir modificando só aos poucos. A investigación literaria non occidental, ela propia, terá que activarse con maior decisión e desprenderse dos canons impostos por Occidente. Con franqueza, non entendo por que motivo algúns países economicamente pudentes do Leste non fundaron deica hoxe o seu propio Premio Nobel para a *literatura mundial*, a fin de comezaren a equilibrar gradualmente a forte escora a prol do Oeste que tal noción atura.

Xa que o noso manual de Literatura universal está feito desde Estonia e vai destinado ante todo ao público estonio, é lóxico que tente alumar e explicar

con máis detalle os fenómenos da literatura mundial que influíron de xeito específico no proceso da nosa cultura e da nosa literatura. Na traducción lituana do tomo II os editores introduciron adaptacións a partir da cultura lituana. Non creo, así e todo, que esa sexa a solución perfecta. É posíbel que cada nación, por pequena que for, deba intentar escribir a súa propia *Literatura universal*.

A.C.: Sen saírmos do complexo territorio do canon, na literatura estonia actual salta á vista a preeminencia de dous autores, Jaan Kross (Tallinn, 1920) e Jaan Kaplinski (Tartu, 1941), propostos ambos como candidatos ao Premio Nobel e traducidos a numerosas linguas. Novelista o primeiro e poeta o segundo, comparten quizais algunhas notas características, en especial a capacidade para falaren simultaneamente do específico e do universal, do que identifica á súa cultura nacional e do que define ao ser humano calquera que sexa a súa orixe.

J.T.: En efecto, nos meus ensaios sobre a obra destes dous escritores (publicados nos números 4 e 5 de *Interlitteraria*) tratei de subliñar unha forte simbiose do nacional e o universal. Kaplinski é coñecido polas súas actitudes universalistas e mesmo cosmopolitas e, non embargantes, evoca na súa poesía concrecións da natureza estonia nos seus detalles sensíbeis, como poucos autores o deron feito. Jaan Kross constrúe nas súas novelas históricas a nación estonia e a súa identidade, pero faino sobre o amplo transfondo da historia europea e mundial.

A.C.: Os dous compromisos mencionados, o nacional e o universal, poden ser traizoados. O tema da traizón, excelentemente representado nas súas complexas faces por Jaan Kross en novelas como Keisri hull ou Professor Martensi ärasõit⁴, no último caso por referencia á nación ou á estirpe, aparece recorrentemente nas literaturas propias de países subxugados. É un asunto delicado que interesa moito aos especialistas en Estudos Poscoloniais e que en ocasións se solventa acudindo a polaridades do tipo “ou nacionalismo ou claudicación”, ou a outra de signo inverso: “ou barbarie

⁴ Da primeira desas dúas obras hai traducións ao portugués e ao castelán. As traducións portuguesas, ambas co título *O louco do czar*, corresponden a Rosa Freire d’Aguilar (São Paulo: Das Letras, 1992) e a M.A. Vasconcelos (Lisboa: Publicações Dom Quixote, 1993). A versión castelá pertence a Joaquín Jordá, quen contou coa colaboración de Jüri Talvet (*El loco del zar*, Barcelona: Anagrama, 1992). A novela citada en segundo lugar foi traducida ao castelán, de novo por Joaquín Jordá coa colaboración de Jüri Talvet, baixo o título *La partida del profesor Martens* (Barcelona: Anagrama, 1995).

(nacionalista) ou progreso (universalista)”. *O fenómeno tamén entronca co problema da globalización –en tanto tensión entre o peso da globalización e a resistencia activa de culturas emerxentes locais– e coas dinámicas individualismo/colectivismo e identidade/alteridade, que reclamaron a súa atención como teórico e como crítico.*

J.T.: O tema do compromiso histórico, que a miúdo se ten interpretado baixo o prisma da traizón, é un dos centrais en toda a obra narrativa de Kross. E aparece tamén na obra doutros autores estonios. Certo é que os Estudos Poscoloniais occidentais, deica hoxe, ignoraron case totalmente a manifestación destes dilemas nas literaturas que abrollaron no territorio vastísimo e sumamente variado da antiga Unión Soviética. A esta lamentábel ausencia alude nun artigo próximo a publicarse en *Interlitteraria* (no número vindeiro, o 6, de 2001) Madina Tlostanova, investigadora rusa de orixe kazako-cherkasiana. Pola súa parte, a investigadora estonia Tiina Kirss, filla de emigrados a Norteamérica, analizou no contexto poscolonial a novela *Nime vaeu* [“A angustia de nomear”] da escritora Ene Mihkelson, presente na nosa antoloxía poética en galego.

192 Tocante ao meu propio xuízo, atopo a mellor explicación para este fenómeno na concepción da *fronteira* en Iuri Lotman. Segundo el explicaba, as “fronteiras”, pola súa mesma natureza, son dialóxicas, son “mecanismos de diálogo”. Esta natureza dialóxica, infelizmente, pervértese e desfigúrase con frecuencia polas ambicións históricas dos *centros*. O gromo de extremismos nacionalistas en pobos minoritarios explícase sobre todo por/con a supresión dos seus dereitos máis elementais, como a libre busca da identidade colectiva. Cando ás culturas minoritarias e fronteirizas se lles permite respirar con certa liberdade, adoitan volver á súa natureza dialóxica. Así, na recente historia da Estonia Soviética os mandados e restriccións impostos por Moscova provocaron en nós un rexeitamento de todo o ruso, no sentido máis amplo da expresión. En troques, agora que este monólogo imposto polo centro cesou, pouco e pouco van restablecéndose contactos normais de diálogo, como é natural entre veciños.

A Escola de Tartu

A.C.: *A Universidade de Tartu, na que vostede ocupa praza de catedrático de Literatura comparada desde 1992, é a segunda máis antiga do nordés europeo e*

mantivo un altísimo prestixio a partir da súa fundación en 1632 por Gustavo Adolfo II de Suecia. Malia Tartu non ser a capital de Estonia, a súa universidade ostentou sempre o carimbo de Universidade Central. ¿De que maneira afectaron os avatares históricos, e en especial os máis recentes á identidade institucional da súa Universidade e en concreto ás liñas de investigación priorizadas no terreo semiótico e literario? Por outra parte, para a Teoría literaria contemporánea foi crucial o desenvolvemento da escola de Tartu (ou de Tartu-Leningrado-Moscova, segundo prefíre rotular Peeter Torop). Gustaríame saber cál é, ou foi, a súa vinculación personal coa Escola e cos procedementos da Semiótica da Cultura.

J.T.: *A fronteira, como ben sinalaba Iuri Lotman, é tamén unha zona propicia ás ambigüidades, non se rende ás definicións tan doadamente coma o centro. Mentres que Tartu seguía, ata comezos dos 80, nun estado de peche exterior, dictaminado para a protección do aeródromo militar próximo, abrochaba no seu interior unha procura incontíbel de apertura intelectual e espiritual. A propia Escola de Lotman é un dos máximos epítomes do que falo. Iso malia ningún estranxeiro poder permanecer na cidade durante máis de vintecatro horas deica o momento histórico indicado.*

En relación coa segunda cuestión, *sensu stricto* eu non pertencín á Escola. Esta xurdiu case exclusivamente a partir da Cátedra de Literatura rusa, encabezada durante moitos anos por Lotman. Os máis destacados seguidores estonios de Lotman foron estudantes de Filoloxía rusa e alumnos directos seus: Igor Chernov, fundador do Departamento de Semiótica na etapa da independencia recuperada, e Peeter Torop, actual director dese Departamento. Eu, en cambio, estudiei Filoloxía inglesa e occidental, ao mesmo tempo que empezaba a ocuparme intensamente da lingua e da cultura españolas. Por suposto, tiña bastante contacto persoal con Lotman e incluso fomos colegas de departamento cando en 1980 o trasladaron á cátedra de Literatura universal. Lembro que cando un profesor moscovita, na recensión da miña tese de doutoramento, me atacou por non citar aos “clásicos do marxismo-leninismo”, Lotman escribiu unha carta dirixida ao Consello da Universidade de Leningrado defendendo os meus puntos de vista. Sempre tiveren moi boas relacións con el, aínda que me costou contactar de vez coa súa obra ata mediados dos 80. Na miña tese influíu máis Bakhtín que Lotman. En cambio, cando en 1992 Lotman escribiu unha relatorio para o Congreso da Asociación Española de Semiótica celebrado na Coruña e me encomendou a súa lectura (os médicos prohibíranlle viaxar polo avanzado da súa enfermidade), descubrín unha

coincidencia plena co meu propio ideario. O mesmo podo dicir do seu derradeiro libro, *Cultura y explosión*⁵, que me gusta moito.

A.C.: *Sempre se dixo que a Escola de Tartu funcionou como o fixo gracias a que soubo manterse á marxe da realidade oficial e á ausencia dunha xerarquización formal no seu seo.*

J.T.: Si, é verdade. Pero tamén foi difícil logralo. A Escola estivo sempre baixo sospeita por parte do poder oficial, e nunha ocasión os axentes do KGB rexistraron a casa de Lotman. Con todo, coido que mantermos esa liberdade intelectual interior resultou algo menos complicado na periférica Tartu que en calquera outro lugar dos que poderíamos considerar *centros* do réxime soviético, como Moscova ou Leningrado.

A.C.: *¿Que balance faría vostede do desenvolvemento do programa de investigación da Escola de Tartu? ¿Cal é a súa realidade actual e a súa vixencia metodolóxica, tanto na propia Estonia coma no resto do mundo? ¿Estima acertado o xuízo de que a culturoloxía inaugurou unha etapa neoempirista sen posíbel volta atrás no pensamento literario?*

194

J.T.: É unha pregunta que teríamos que trasladar ao colega Peeter Tõrop, que agora encabeza o Departamento de Semiótica en Tartu. Houbo con certeza cambios substanciais na última etapa dos nosos estudos semióticos. O Departamento fundouse en 1992, cando Lotman xa estaba enfermo, polo que non puido ocuparse del. Creouse despois a Facultade de Ciencias Sociais, da cal pasou a ser parte ese Departamento de Semiótica. A semiótica cultural, de todas formas, parece que permaneceu como núcleo destes estudos. O propio Tõrop dedícase á teoría ou á semiótica da traducción, así como á teoría do texto, e ocúpanse así mesmo da semiótica literaria, na esteira de Lotman. Pero, asemade, fan esforzos para ampliaren o seu ámbito, incluíndo por exemplo a biosemiótica. Reactivaron *Semiótica (Estudios de Sistemas Sígnicos)*, introducindo o inglés a carón do ruso, que era a lingua exclusiva desta serie nos tempos de Lotman. De todos os xeitos, péreceme que non vai ser nada fácil manter a integridade da Escola, con todas as novas correntes e modas que invadiron a culturoloxía na última década.

⁵ Ese é o título da traducción castelá, subtitulada *Lo previsible y lo imprevisible en los procesos de cambio social* (Barcelona: Gedisa, 1998; cun "Prólogo" de Jorge Lozano).

Entendo acertada a súa observación sobre a tendencia cara a un neoempirismo nos estudos culturais. O triste disto é que, cada vez máis, a culturoloxía se contente cun parcialismo ou un fragmentarismo. Pérdense así os grandes planos, os que tanto celebramos nos estudos de Lotman.

A.C.: Tal e como apuntaba antes, a Escola medrou mantendo vínculos moi estreitos, non só administrativos, co Departamento de Literatura Rusa, pero sempre se ocupou de asuntos propios do comparatismo, como a tradución, a intertextualidade ou o pluriculturalismo, entre tantos outros. Sen embargo, a creación dunha Asociación de Literatura comparada ao xeito occidental é un fenómeno serodio en Estonia. No seu criterio, ¿cabería falar dun modelo comparatista alternativo, un comparatismo de Tartu?

J.T.: Como ben di, o método de Lotman era intrinsecamente comparatista. Movíase cunha soltura envexábel dun plano a outro, entre o Leste e o Oeste. Contrastaba, comparaba todo. Neste sentido, tanto nos nosos simposios internacionais bianuais como na revista anual que dirixo, *Interlitteraria*, tratamos de seguir, desde o principio, o exemplo de Lotman: unha apertura máxima á experiencia cultural de todas as partes do mundo, unha apertura máxima a todos os métodos que faciliten a revelación de algo novo na esencia da cultura e da literatura. Creo que sería prematuro xulgar se chegamos ou non a unha escola comparatista de Tartu. Acaso a mesma noción de *escola* sexa unha ilusión. Pois moita xente cre que a Escola de Tartu se reduce en realidade a Iuri Lotman...

A Literatura comparada hoxe. Paradigmas e cometidos

A.C.: Profesor, ¿como contempla a crise permanente da Literatura comparada, unha crise que quizais o sexa sempre da súa propia autonomía? ¿Qué nos pode dicir sobre a apertura epistemolóxica a ese novo paradigma do que falaba Adrian Marino xa nos primeiros anos 80?

J.T.: Onde hai unha crise cabe tamén a busca dunha saída, a apertura. Seguramente existen diferentes concepcións da Literatura comparada. Como me demostraron con moita elocuencia os dous Congresos mundiais da AILC (Asociación Internacional de Literatura comparada) nos que participei, o de Leiden (1997) e o de Pretoria (2000), a Literatura comparada dos nosos días é

un *concerto grosso* dunha grande Orquestra Sinfónica, onde en calidade de métodos entran todos os instrumentos de música que se coñecen no mundo. Por suposto, tamén podería definirse como unha Grande Algarabía, pero de todas formas esta gran variedade metodolóxica e a apertura total semellan ser a principal fonte da “vitalidade permanente nunha crise permanente” da Literatura comparada.

A.C.: Na súa condición de membro do Comité Executivo da AILC, ¿que tarefas lle parecen prioritarias no marco competencial da asociación?

J.T.: Creo que unha das grandes figuras na renovación dos contidos das actividades e competencias da AILC foi o profesor Gerald Gillespie, un dos últimos Presidentes desta máxima organización dos investigadores da literatura e a cultura (lembrarei que a AILC conta actualmente cuns cinco mil membros en todo o mundo, albergando ata vinte ou máis organizacións nacionais, entre as que figuran a estonia, a española ou a portuguesa). Gillespie potenciou a creación de diferentes comités de investigación no seo da AILC. A tarefa destes comités céntrase na metodoloxía e na teoría da Literatura comparada. Ocúpanse de problemas centrais nesta área (como, por exemplo, o das identidades literarias e culturais), e procuran activar a investigación literario-cultural en distintas rexións do mundo. En Leiden, fun convidado precisamente a participar no Comité de Investigación da Identidade Literaria e Cultural. Un dos froitos do traballo deste Comité foi o Simposio sobre nación e cultura no cambio de milenio (Tartu, 1999), no que vostede interveu. Agora veño de incorporarme ao Comité das Literaturas do Leste de Europa. Estamos a organizar varios simposios internacionais nestes países, facilitando un intercambio de experiencias e un diálogo universal. Creo que un dos retos principais da AILC no noso tempo debería ser o de superar o monólogo dos *centros* occidentais e facilitarnos a entrada ao foro internacional dos discursos que emerxen en zonas periféricas e minoritarias do planeta.

A.C.: Falamos antes da súa tese doutoral, centrada na novela picaresca española, en concreto en Mateo Alemán. Vostede traduciu ao estonio autores tan relevantes como Quevedo, Gracián, Calderón, Vicente Aleixandre, Vargas Llosa ou García Márquez, ademais do Lazarillo. Tamén conta con versións de Espriu e nas súas investigacións ocupouse das relacións entre as culturas catalana e española. ¿Cal é a realidade actual da Hispanística na Universidade de Tartu e en Estonia? ¿Como entende a pluralidade cultural da Península Ibérica?

J.T.: Logramos fundar os nosos estudos de Filoloxía hispánica na Universidade de Tartu no curso 1992-1993, na euforia da apertura da nova independencia. Era a primeira vez que algo así ocorría no país. Tales estudos, cun programa completo ata os niveis de graduación e doutoramento, non existen en ningún outro centro dos Países Bálticos, nin en Tallinn, nin en Vilnius ou Riga. Como pode imaxinar, isto non foi doado. Con todo, hai avances evidentes e podemos dicir que chegamos a consolidar un fundamento interesante. Hoxe en día contamos con dezasete licenciados, dos que dous xa defenderon con éxito o grao de Master (que no noso caso é un nivel predoutoral, correspondente ao Diploma de Estudos Avanzados que vostedes instauraron recentemente na súa Universidade).

Doutra parte, en relación coa segunda parte da súa pregunta, somos plenamente conscientes da pluralidade cultural da Península. Gustaríanos ampliar os nosos estudos, abrangendo tamén o galego, o catalán, o portugués..., pero tamén é verdade que non todo depende da nosa vontade nin se pode conseguir todo dunha vez.

A.C.: Desde 1996 dirixe a revista *Interlitteraria*, que publica artigos sobre *Literatura comparada en catro linguas: inglés, francés, español e alemán*. Está próximo a saír o sexto número, que con seguridade ha manter o alto nivel das entregas anteriores. Unha delas, a cuarta, dedicárase monograficamente a un tema próximo ao que centra a súa actividade docente neste maio compostelán que entrou con tanta friaxe: a poesía na época posmoderna. Vostede ten cuestionado nalgún dos seus traballos os excesos cometidos pola crítica na polarización modernidade/posmodernidade, e cuñou unha noción estético-periodolóxica verdadeiramente atractiva, a do transmoderno. ¿Podería desenvolver en esquema os seus argumentos principais?

J.T.: Efectivamente, amosei en varios artigos o meu disgusto perante o establecemento dun canon posmoderno para a poesía, que a penas vai alén doutra *gran narrativa*. Quero indicar que desde os centros posmodernos occidentais se celebran e eternizan a distancia, a ironía, todos eses xogos... ata o cansazo, con pequenos chistes, etc. Empreguei o termo *transmoderno* para aludir a esa parte da poesía posmoderna (e da poesía moderna en xeral) que segue en procura e apertura permanentes, que non se contentan co canon posmoderno establecido. Para a miña lelicia descubro que non estou só en tal entendemento do estado actual das cousas. En Gran Bretaña xurdiu un movemento a prol dunha “nova arte metafísica” que intenta *rehumanizar* a arte e a poesía, mentres que

no próximo número de *Interlitteraria* publicaremos un ensaio de Rosa María Rodríguez Magda, filósofa de Valencia, que defende estas mesmas ideas no plano do discurso filosófico coevo.

O escritor Jüri Talvet

A.C.: *Permitame, xa na recta final da nosa conversa, dedicar uns minutos á súa propia obra literaria, comezando por un xénero que lle resulta particularmente querido, o ensaio referido a experiencias de viaxe, quizais á maneira sentimental que fixo célebre Laurence Sterne. Ten publicados dous libros desta clase: Teekond Hispaaniasse (1985) ["Viaxe a España"], que obtivo un premio homólogo ao Nacional de Literatura (Ensaio) español, e Hispaaniast Ameerikasse (1992) ["De España a América"]. ¿A que causas atribúe este interese seu polo xénero e que achegas destacou a crítica nas publicacións mencionadas?*

J.T.: Nos tempos soviéticos era sumamente complicado saír das fronteiras do Imperio. Vin por vez primeira a España, en 1985, cun grupo de profesores de español soviéticos, só despois de me ocupar durante dezaseis ou dezasete anos da literatura e a cultura hispánicas. Naturalmente, unha vez que tiven tal sorte e que tal milagre aconteceu, pareceume natural a idea de compartir aquela descuberta cos lectores estonios. En Estonia coñecía-se moi pouco de España. Ademais, tiven a ambición consciente de repetir o que fixera un dos nosos principais escritores, Friedebert Tuglas, a comezos do século XX, cando publicou en 1918 *Teekond Hispaania* ["Unha viaxe a España"], que acadou bastante repercusión entre os nosos intelectuais. Cóntame que os meus ensaios de viaxe tamén foron ben recibidos entre o público, pero posibelmente por se tratar de temas "afastados", pouco coñecidos no noso ámbito, non abundaron as reseñas críticas. Todos estes ensaios alternan o plano das impresións inmediatas co das meditacións sobre a cultura, así que distan bastante dos apuntes íntimos de viaxeiros como Laurence Sterne.

A.C.: *A súa obra poética componse a data de hoxe de catro libros: Äratused (1981) ["Espertares"], Ambur ja karje (1986) ["O arqueiro e o urro"], Hinge kulg ja kliima üllatused (1990) ["O progreso da alma e sorpresas do clima"] e Eesti eeleegia ja teisi luuletusi (1997) ["Elexía estonia e outros poemas"]. Por eles mereceu así mesmo importantes recoñecementos e premios no seu país, entre estes o de maior prestixio, o Premio Juhan Liiv. Un dos aspectos destacados pola crítica foi a fina reflexión*

intercultural, na que sempre latexa o propósito de culminar o programa que encetou o grupo Noor-Eesti [Nova Estonia] nos primeiros decenios do século XX: dar pulo a unha Estonia plenamente europea, aberta á cultura occidental e xenerosa na súa propia contribución a esta cultura. A presenza dos referentes mediterráneos complementábase nos seus poemas cos atlánticos; e entre estes aparecen mencións explícitas a Galicia e a Compostela, nun marco xeral de dimensión hermenéutica que engasta mitos panhistóricos cos problemas do mundo contemporáneo. Estimaría que deliñase unha auto-poética mínima, ilustrativa das súas concepcións estético-literarias.

J.T.: O máximo encanto da poesía deriva, segundo creo, de que non se rende a ningunha definición concluínte, incluso se esta provén do propio autor. Os inicios da miña poesía abeiráronse máis ou menos ao ámbito íntimo e amoroso, aínda que sempre tratei de evitar unha expresión meramente impresionista. Ao mesmo tempo, lograr que as ideas –incluídas as importantes, profundas e nobres– non destacasen ata o punto de o poema falar xa non como un “corpo enteiro” senón a penas como o seu “cerebro”, é outro perigo que non sempre conseguín evitar. Entendo que son dilemas de todo poeta.

Un poema lógrase por un lixeiro toque máxico, ás veces mesmo por un desvío casual da lóxica na que o poema se afirma. O ciclo de tres poemas “Do Camiño de Santiago”, inspirado pola primeira breve visita que fixen a Galicia en 1992, cando o Congreso de Semiótica na Coruña, foi realmente o primeiro intento de atinxir realidades máis amplas, históricas e dos nosos días. O meu poema máis ambicioso neste sentido é “A elexía estonia”, de aproximadamente douscentos versos, inspirado polo afundimento do transbordador *Estonia* no Mar Báltico, con case 900 vítimas. Quixen convertelo nunha meditación sobre a historia e a actualidade de Estonia e de Europa. Éme difícil xulgar se cumprín ou non o propósito. Apreciouno altamente o meu amigo e co-traductor norteamericano Harvey L. Hix, recente Premio T.S. Eliot, mentres que en Estonia o poema pasou case inadvertido. A historia explicáranos...